

Conservar o Xistral

A importancia da Serra do Xistral-O Cadramón, tanto desde o punto de vista ecolóxico (solo, fauna e flora) como científico e docente está fora de toda dúbida, tal como se desprende un extenso estudo realizado por investigadores da Universidade de Santiago, e tamén do artigo sobre as turbeiras da sección de hábitat deste número. Porén, as turbeiras do Xistral e Cadramón corren un serio perigo, ante o intento de instalar varios parques eólicos: os valores das turbeiras radican esencialmente no solo e na súa estrutura, polo que as simples obras para a instalación dos aerogeneradores, ou o trazado de catreteras e pistas conlevaria a súa destrución e perda irreversible.

Neste sentido, ADEGA recolleu a proposta de conservación deste espazo argumentada polos científicos compostelanos e solicitou da Consellería e Meio Ambiente:

1) Que o conxunto das Serras Setentrionais de Galiza sexan declaradas Parque Natural, por considerar que esta figura de protección resulta adecuada aos fins que se perseguen;

2) Que se remita á Bruxelas a proposta de incluír esta zona como hábitat a protexer, de acordo co contido da Directiva de Habitats;

3) Que se informe negativamente o Estudo de Efeitos Ambientais dos diversos proxectos de parques eólicos solicitados polas empresas, aos que ADEGA xa tiña presentado alegacións de tipo ambiental.

Curiosamente, ante unha pregunta do deputado do BNG no Congreso, Francisco Rodríguez, o Ministerio da Presidencia informa que as Serras do Xistral-O Cadramón non foron incluídas nunha primeira proposta para formar parte da Directiva Hábitats, se ben aínda se baralla na actualidade, nos traballos técnicos que se realizan entre o Estado e a Xunta, a súa inclusión cunha superficie de 6796 Ha.

A zona en cuestión abranxe as estribacións montañosas de Abadín, Alfoz, Muras, Mondoñedo, Orol, O Valadouro e Vilalba. É moi importante por de manifesto, por outro lado, como o patrimonio natural e histórico desta zona é compatible, porén, cos usos tradicionais respetuosos,

fundamentalmente a gandeiría extensiva, que conviviron coas turbeiras durante milénios.

Segundo información que trascenderon, está-se dando na Xunta unha luta entre os partidarios das instalacións industriais sen ningunha cortapisa de tipo ambiental, neste caso os parques eólicos, e aqueles que optan por unha planificación que inclua algún tipo de limitacións de tipo ambiental. Tal como lle plateou ADEGA ao Conselleiro de M.A., Carlos del Álamo, sería lamentábel que tamén perdesemos irreversiblemente os valores que o Xistral encerra, ante a escasa conciencia ambiental que os gobernantes da Xunta demostran ter, e tamén que a creación da Consellería de Meio Ambiente non servise para outra cousa que para lavar a cara da Xunta en actuacións como Vilaboa, Sogama, Caldas ou O Xistral.

